



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 9 DE NOVEMBRO DE 2006,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Proxecto de Lei de modificación da Lei da función pública de Galicia

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Proxecto de Lei de subvencións

DECRETOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se dispón o cesamento de membros do Consello Escolar de Galicia

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Decreto polo que se declara a utilidade pública e o interese social da illa de Cortegada e dos bens e dereitos integrados nela.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Xunta de Galicia para a realización de programas de execución de medidas para menores infractores (medidas alternativas ao internamento ditadas por xuíces de menores e de capacitación de profesionais das comunidades autónomas)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun protocolo adicional ao convenio de colaboración subscrito o 15 de decembro de 1997 entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Xunta de Galicia para a realización de proxectos do Plan de acción integral para persoas con discapacidade



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, para a realización de programas de intervención social integral para a erradicación da pobreza.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun protocolo adicional polo que se determinan as achegas económicas das partes e se incorporan os proxectos seleccionados, en ambos os dous casos con referencia ao exercicio 2006. Anéxase ao convenio sobre prórroga do convenio do programa para o desenvolvemento de prestacións básicas de servizos sociais de corporacións locais, suscrito entre o Ministerio de Traballo e Seguridade Social e a Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo se aproba ao acordo asinado o 18 de outubro de 2006 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e as organizacións sindicais CIG, CCOO, UGT e CSI-CSIF relativo ao persoal funcionario e laboral ao servizo da Administración pública galega
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Exteriores, e a *Asociación Fé y Alegría Nicaragua*, para a formación técnica e ocupacional de mozos de escasos recursos nos Departamentos de Chinandega e Managua (Nicaragua)
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, e a Universidade de Santiago para a realización do *Programa de apoio á formación de especialistas africanos e latinoamericanos en economía pesqueira*
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Exteriores, e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do *Programa de apoio á formación de expertos latinoamericanos en cooperación internacional*

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a participación da Comunidade Autónoma de Galicia na ampliación de capital promovida pola Sociedade Cidade Tecnolóxica de Vigo, S.A. (CITEXVI), por importe de 1.859.000 euros
- Acordo polo que se autorizan modificacións nos orzamentos de explotación e capital do Instituto Galego de Promoción Económica (Igappe), por importe de 12.880.866,39 euros.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello da Coruña para realizar as obras de mellora das beirarrúas en Linares Rivas e Sánchez Bregua

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, o Club Financeiro de Vigo (CFV), a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) e o Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG) para o desenvolvemento de actividades da Aula de Innovación

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Salvaterra de Miño (Pontevedra) para a recuperación do baluarte do pozo e tramos da muralla anexa na fortificación de Salvaterra
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello da Guarda (Pontevedra) para a segunda fase da rehabilitación e posta en valor e centro de interpretación do Castelo de Santa Cruz.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición da terceira cláusula adicional ao convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria para o ano 2006 para dotar de contido económico o financiamento do soporte técnico e administrativo e de servizos da FEGAS con cargo á aplicación 5001.2591.430.7, polo importe de 1.055.160,00 euros, para o desenvolvemento do Programa de formación continua no uso racional do medicamento

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación

Cetmar para o estudo de viabilidade do cultivo de ostra rizada ou ostra xaponesa (Crassostrea gigas) nas rías galegas

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta co Concello de Brión, para a execución das obras do Plan de saneamento. Saneamento e abastecemento de auga no Enxo e San Salvador. Brión (A Coruña) por importe de 574.625,36 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Verín para a execución das obras do Abastecemento, conservación e recuperación da bacía hidrográfica do Val do Támega. Abastecemento e saneamento de Cabreiroá. Verín (Ourense), por importe de 294.877,32 euros.

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental

A MODIFICACIÓN DA LEI DA FUNCIÓN PÚBLICA DE GALICIA PERMITIRÁ A MELLORA E RACIONALIZACIÓN DO EMPREGO PÚBLICO AUTONÓMICO

- *O texto introduce modernos criterios de avaliación da actividade das administracións públicas para medir o rendemento do persoal e o grao de calidade na prestación de servizos*
- *Inclúe mecanismos de conciliación da vida persoal, laboral e familiar e iniciativas concretas destinadas ás funcionarias vítimas da violencia de xénero*
- *Establece medidas para asegurar o cumprimento do xa existente deber de acreditación do coñecemento da lingua galega no emprego público autonómico*
- *Un dos obxectivos da nova normativa é acadar unha Función Pública máis profesionalizada e seleccionada de xeito máis obxectivo*

O Consello da Xunta, na súa xuntanza semanal, aprobou hoxe o proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia. Este texto recolle o interese do Goberno de aplicar unha serie de medidas para a mellora e racionalización do emprego público autonómico.

Así, na normativa modifícase o artigo 6.1 para dotar de maior transparencia o nomeamento do persoal eventual e delimitar as súas funcións. Pola súa banda, o artigo 7, referido ao persoal interino, refórmase para crear a figura do persoal interino por acumulación de tarefas, respondendo así a unha necesidade organizativa que ata o de agora só se podía cubrir acudindo a solucións como o nomeamento de persoal laboral temporal.

Así mesmo, a nova redacción do artigo 9 establece -de forma respectuosa cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade- unha regulación dos efectos da declaración de indefinición dunha relación laboral temporal, ou de declaración de laboralidade dunha contratación administrativa. Esta regulación baséase nos procedementos de xurisprudencia máis recentes.

Mentres, os artigos 4, 5 e 6 deste texto de reforma modifican as competencias de determinados órganos, conferíndolles unha maior participación na ordenación dos recursos humanos da Administración autonómica. O principio de transparencia proxéctase tamén no establecemento, con carácter obrigatorio, dos rexistros de persoal de entidades locais como un instrumento fundamental da organización, xestión e planificación do persoal das entidades locais.

Relacións de postos de traballo e concursos

O artigo 25 cámbiase para garantir a participación dos representantes do persoal na elaboración de relacións de postos de traballo no que afecte as condicións de traballo dos empregados públicos. O 27, pola súa banda, transfórmase para asegurar a periodicidade nos concursos para a promoción profesional do persoal, a efectividade da adscrición por causas de saúde e para garantir o traslado das funcionarias vítimas de violencia de

xénero que o soliciten, beneficiándose ademais das vantaxes que para a traballadora supón a consideración do traslado como forzoso.

O artigo 13 leva ao seu lugar a regulación legal da selección do persoal laboral, que antes se contiña no mesmo artigo no cal se definía este persoal. O artigo 14, pola súa banda, modifica o artigo 42 eliminando a integración automática do persoal que obteña postos na Administración autonómica, sen prexuízo do cumprimento dos acordos de mobilidade entre administracións públicas, atendendo especialmente ás funcionarias vítimas da violencia de xénero.

Promoción interna e redución da libre designación

Modifícase así mesmo o artigo 28 para cumprir o obxectivo da redución dos postos que deben ser cubertos por libre designación. Este sistema debe estar debidamente xustificado, e con esta medida preténdese acadar unha función pública máis profesionalizada e seleccionada de xeito máis obxectivo, sen prexuízo da súa capacitación e preparación para o desempeño do posto.

A reforma do artigo 60 reforza a promoción interna como un instrumento básico na motivación e capacitación dos empregados públicos. O artigo 63 bis cámbiase para introducir nel os máis modernos criterios de avaliación da actividade das administracións públicas, para medir, ademais do rendemento do persoal, o grao de calidade na prestación de servizos, atendendo especialmente á proxección na cidadanía das medidas de mellora e modernización.

Normalización lingüística na función pública galega

O artigo 12 modifica o artigo 33, establecendo medidas para asegurar o cumprimento do xa existente deber de acreditación do coñecemento da lingua galega no acceso ao emprego público autonómico. Esta iniciativa tenta posibilitar o cumprimento, no eido da función pública, do establecido no Plan de Normalización Lingüística, así como o disposto na Lei de normalización lingüística de Galicia.

Conciliación entre a vida persoal e laboral

Outro bo número de medidas na reforma tenden a introducir na Lei da función pública de Galicia mecanismos eficaces de conciliación da vida persoal, laboral e familiar. Estas iniciativas están inspiradas no Plan integral para a conciliación da vida persoal e laboral da Administración xeral do Estado, e inclúen, entre outras, a posibilidade de flexibilización do horario fixo; novas medidas sobre permisos de maternidade e paternidade; permisos relacionados coa adopción internacional; ausencias relacionadas co sometemento das persoas a técnicas de fecundación asistida e o acompañamento a revisións médicas de fillos ou maiores a cargo dos traballadores; e a posibilidade da diminución da xornada para funcionarios que teñan ao seu cargo persoas enfermas ou que requiran especial dedicación.

Este carácter social da reforma inspira tamén a disposición adicional 7ª, onde se introducen una serie de medidas para facilitar o acceso ao emprego público das persoas con discapacidade.

Tamén se introduce unha disposición adicional referente a un colectivo determinado, que foi transferido á Xunta desde o Estado logo de realización dun plan de emprego que reconece a asimilación dos seus dereitos ao do persoal laboral fixo e prevé a súa funcionarización con carácter voluntario.

Por último, a Lei establece o marco dun proceso de transformación de emprego laboral en emprego fixo. As elevadas taxas de temporalidade deben reducirse a través de instrumentos absolutamente rigorosos no cumprimento dos principios básicos no acceso ao emprego público pero que, ao mesmo tempo, teñan en conta a experiencia acadada no desempeño do posto con carácter temporal ou interino. Esta medida, porén, ten carácter excepcional, e queda limitada a un determinado número de prazas.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE LEI DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA QUE SUPÓN A CREACIÓN DUN MARCO XURÍDICO ÚNICO NESTA MATERIA

- ***O proxecto ten como obxectivos unha maior transparencia sobre o destino dos recursos públicos e promover a xestión eficaz e eficiente destes***
- ***A Lei exclúe os procesos de concesión directa de subvención e introduce con carácter xeral a concorrència competitiva***
- ***Inclúe medidas para impulsar a axilidade nos procesos administrativos e outras orientadas á transparencia das asignacións e ás garantías dos cidadáns***
- ***Recolle tamén a publicidade das bases reguladoras e das concesións das subvencións nas páxinas web da Administración galega***
- ***Inclúe mecanismos para o impulso da implantación de medios electrónicos, informáticos e telemáticos nos procesos administrativos, co obxectivo de axilizar a tramitación das concesións***

O proxecto de Lei de subvencións de Galicia iniciará en breve a súa tramitación legislativa logo de ser aprobado polo Consello da Xunta na súa reunión de hoxe. O obxectivo da norma é incrementar a transparencia e eficacia na xestión dos recursos públicos en Galicia, mediante o establecemento dun marco xurídico único regulador das subvencións. O texto elaborado pola Consellería de Economía e Facenda divide o seu articulado en cinco títulos, integrados por 68 artigos e supón a incorporación de medidas orientadas a cumprir coa transparencia no destino das achegas públicas e no impulso duns procesos administrativos eficaces e eficientes.

Así, no título preliminar indica a definición do ámbito de aplicación da norma, concepto de subvención, figuras do beneficiario e as entidades colaboradoras, así como as obrigas das mesmas. No título I, explícase o regulamento dos procedementos de concesión e xestión das subvencións; no II, abórdase o réxime xurídico da invalidez, revogación e reintegro de subvencións establecendo as súas causas; o III adícase ao control financeiro sobre a concesión e aplicación das subvencións e o IV regula a potestade sancionadora no ámbito subvencional e a publicidade das resolucións sancionadoras ou moi graves.

A normativa recolle como un dos seus elementos fundamentais a publicidade das bases reguladoras e das concesións das subvencións nas páxinas web da Administración galega. Neste sentido, indícase que a xestión das subvencións realizarase de acordo aos principios de publicidade, transparencia, concorrència, obxectividade, igualdade e non discriminación. Terase en conta tamén a eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante e a eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Outro dos puntos destacados é que se potenciarán as funcións dos rexistros de subvencións, creados como elementos de publicidade e control nunha iniciativa novidosa prevista na Lei de orzamentos de Galicia para 2006.

Tamén destaca a introdución con carácter xeral da concorrencia competitiva, e exclúense os procesos de concesión directa de subvención salvo nos casos nos que exista dotación nominativa orzamentaria, ou que existan razóns de interese público concretas. Tamén no ámbito tecnolóxico, o proxecto de lei inclúe medidas para o impulso da implantación de medios electrónicos, informáticos e telemáticos nos procesos administrativos, co obxectivo de axilizar a tramitación das concesións así como das xustificacións necesarias para proceder aos pagamentos.

Como medida de transparencia, o proxecto de lei incorpora a obriga de formular bases programáticas, obxectivos e efectos que se pretenden acadar co establecemento das liñas de subvencións, como elemento de racionalización e eficacia no emprego dos recursos públicos. Isto inclúe, ademais, a correlación das liñas cos recursos de financiamento previstos así como a súa vinculación aos obxectivos de estabilidade orzamentaria para garantir unha óptima asignación destes. Tamén destacan as medidas dirixidas a impulsar a axilidade da xestión administrativa coa regulación, por exemplo, do procedemento de concesión abreviado cando baste a comprobación da idoneidade da solicitude para acceder á subvención. Flexibilízase tamén a instrución do procedemento ordinario.

No ámbito das garantías, increméntanse os procedementos de control financeiro e reintegros, cunha regulación máis ampla das auditorías de control sobre a xestión e os perceptores, aínda que se manteñen todas as garantías de procedementos en favor dos cidadáns afectados por estes procesos.

Neste sentido establécese que a xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión deberá documentarse da maneira determinada no regulamento, acto ao que estará obrigado o beneficiario ou entidade colaboradora. Así, outro dos puntos desta lei é a publicidade das sancións, apartado no que se recolle que as resolucións sancionadoras impostas por sancións graves ou moi graves publicaranse no DOG e deberán comunicarse aos rexistros de subvencións e contratistas da Comunidade Autónoma. Ademais todas as sancións firmes figurarán no Rexistro Público de Sancións.

APROBADO O DECRETO POLO QUE SE DISPÓN O CESAMENTO E O NOMEAMENTO DE MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se dispón o cesamento e o nomeamento de membros do Consello Escolar de Galicia. Segundo este decreto, renovan o seu cargo neste órgano as seguintes persoas: Consuelo Campos Acedo, da Confederación Intersindical Galega; José Raúl Gómez Farto, da Federación de Traballadores do Ensino. FETE-UGT; Manuel Nicolás Vázquez Varela, do Sindicato Independente ANPE; e Obdulia Manso Cupeiro, da Federación de Traballadores do Ensino. FETE-UGT; en representación dos profesores nos niveis educativos correspondentes ao ámbito do ensino non universitario en Galicia.

En representación de pais de alumnos, propostos polas confederacións de asociacións de pais de alumnos renova o seu cargo Olga Patiño Doval, da Confederación Galega de APAs de Centros Públicos. Ademais, procédese á renovación, en representación do persoal de administración en servizos, propostos polas centrais sindicais máis representativas, de Ángeles Villarnovo Cova, da Unión Xeral de Traballadores; en representación de titulares de centros privados, designados polas organizacións empresariais correspondentes máis representativas, de José Antonio Moar Armas, da Federación de Centros de Ensinanza Privada; en representación das centrais sindicais que, de acordo coa lexislación vixente, teñan a consideración de máis representativas de Galicia, de Xosé Barral Sánchez, de Comisións Obreiras.

Ademais, o decreto aprobado hoxe establece que renova o seu cargo no Consello Escolar de Galicia, en representación das organizacións empresariais e proposto pola Confederación de Empresarios de Galicia, José Luis Liñares Louzao. En representación de profesores, propostos polos movementos de renovación pedagóxica de Galicia, renovan o cargo neste órgano José Luis Fernández Díaz e Mercedes Espiño Amil, da Federación Galega de Movementos de Renovación Pedagóxica.

Pola súa banda, en representación da Administración educativa, renovan os seus cargos no Consello Escolar de Galicia José Manuel Mouriz Cabalo, Antonio Vázquez Vázquez e Alfonso Guitián Álvarez. En representación da Administración local, propostos pola Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), fano Julio Sayáns Bugallo e Evencio Ferrero Rodríguez; e, en representación da universidade, renova Miguel Anxo Santos Rego. Por último, este decreto recolle que renovan os seus cargos no Consello Escolar de Galicia María Lourdes Montero Mesa e Antón Costa Rico, en representación de personalidades de recoñecido prestixio no campo da educación.

Cesamentos e nomeamentos

En representación de pais de alumnos do ensino privado, este decreto establece que cesa como membro do Consello Escolar de Galicia María José Carreira García, da Confederación Galega de Asociacións de Pais de Alumnos, e noméase no seu lugar a



Xelasio Suárez Santiso. No tocante á representación dos alumnos propostos polas federacións ou confederacións de alumnos en proporción á súa representatividade, cesan Emilio Vázquez Blanco, da Federación de Asociacións de Xoves Estudantes Galegos; e Fernando Balsa Rey e Yurena Calvo Vidal, dos Comités Abertos de Estudantes. Nesta categoría noméase a Azucena Rodríguez Amoroso, da Federación de Asociacións de Xoves Estudantes Galegos.

O decreto aprobado hoxe recolle o cesamento de Enrique Fernández González e María Nieves Vázquez Novo como membros do Consello Escolar en representación da Administración local e propostos pola Federación Galega de Municipios e Provincias. As persoas nomeadas para este cargo son Antonio Montero Fernández, Carlos López Crespo e María Josefa Cebreiro Santos. Finalmente, e en representación do Consello da Xunventude de Galicia, proposto polo seu órgano de representación, noméase a María Dolores Rodríguez Amoroso, cargo que ocupaba José Manuel Lage Tuñas.

A XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE DECLARA A UTILIDADE PÚBLICA DA ILLA DE CORTEGADA, INTEGRADA NO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS, PARA A SÚA EXPROPIACIÓN FORZOSA

- ***O proceso para a adquisición do arquipélago iniciouse o pasado mes de xullo coa presentación por parte da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible do informe-proposta para a súa compra, que xa foi sometido a información pública***

O Goberno da Xunta aprobou hoxe a declaración de utilidade pública e interese social da Illa de Cortegada, que xunto coas Cíes, Ons e Sálvora conforman o Parque Nacional das Illas Atlánticas, para os efectos da súa expropiación forzosa. O decreto, presentado pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, ten como finalidade a adquisición desta illa, cuxa propiedade está na actualidade en mans privadas, para garantir a conservación e protección dos seus hábitats naturais.

O proceso iniciouse o pasado mes de xullo, coa presentación e aprobación, tamén por parte do Consello da Xunta, do informe en que se propoñía a adquisición da illa, que foi sometido posteriormente a exposición pública. Pasados estes dous trámites, a Consellería de Medio Ambiente inicia agora o proceso de expropiación co decreto aprobado hoxe, sen prexuízo de que se poida chegar, paralelamente, a un acordo cos actuais donos de Cortegada. De feito, o departamento autonómico xa mantivo contactos coa propiedade, Cortegada S.A., que non frutificaron.

O arquipélago, sito no concello de Vilagarcía de Arousa, é na actualidade de titularidade privada, o que, en opinión dos responsables de Medio Ambiente, dificulta o desenvolvemento dos obxectivos previstos no Plan director de parques nacionais, na medida en que son necesarias accións específicas destinadas a acadar un estado de conservación favorable dos hábitats e das especies con que conta a illa de Cortegada. O carácter privado do espazo impide na actualidade levar a cabo estudos e seguimentos de rexeneración, eliminación de especies invasoras ou tarefas de conservación, entre outras medidas, pese as figuras de protección que implica a declaración do espazo como parque nacional.

A illa de Cortegada, con 147,2 hectáreas marítimas e 43,8 terrestres é a máis pequena das que conforman o Parque Nacional das Illas Atlánticas, que ocupa unha extensión total de 8.480 hectáreas, 7.285 marítimas e 1.194,8 terrestres. Destas, o arquipélago das Cíes é o que conta cunha maior extensión (2.658 ha terrestres, 433 marítimas), seguido das illas Ons (2.171 ha marítimas, 470 terrestres) e Sálvora (2.309 ha terrestres e 248 marítimas).

Así mesmo, o arquipélago de Cortegada está composto á súa vez por catro illotes: Malveira Grande, Malveira Chica, Briñas e Con. Atópase no sector máis interno da ría de Arousa, en contacto coa desembocadura do río Ulla, pertencendo á parroquia do Carril (Vilagarcía de Arousa).



Valores naturais

Entre os valores naturais do arquipélago de Cortegada destaca, de xeito fundamental, o seu bosque de loureiro, que ocupa unha superficie de 2,5 hectáreas, e conserva, segundo algúns investigadores, exemplares que superan os 10 metros de altura. Canda isto, existe ademais unha gran diversidade de fungos, con máis de 45 especies únicas en Galicia, segundo se recolle no Plan de ordenación de recursos naturais da illa. No que se refire á biodiversidade destaca a abundancia de hedra, mentres que na súa fauna resalta unha representación significativa de aves vinculadas ao contorno mariño.

A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR INVESTIRÁ CASE 300.000 EUROS EN PROGRAMAS ALTERNATIVOS AO INTERNAMENTO DE MENORES CON MEDIDAS XUDICIAIS

- ***O Consello da Xunta autorizou, na súa reunión de hoxe, a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Ministerio de Asuntos Sociais***

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, autorizou a sinatura dun convenio entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Traballo para a realización de programas de execución de medidas alternativas ao internamento de menores ditadas polos xuíces, así como de capacitación de profesionais neste ámbito. En virtude deste convenio investiranse 515.296 euros, dos cales a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar achega 295.880 euros e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais un total 219.416 euros.

En virtude da colaboración que proximamente asinarán a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais beneficiaranse deste financiamento os centros de atención de día para menores en conflito social *Compartir* da Coruña (125.270 euros), *Dignidad* de Lugo (125.270 euros) e *Arela* de Vigo (174.505 euros), xunto co programa de medidas alternativas ao internamento *Trama* para a provincia de Ourense (90.251 euros).

Os proxectos aos cales se destinan estes fondos foron seleccionados de acordo cos criterios obxectivos acordados na Conferencia Sectorial de Asuntos Sociais que foron aprobados polo Consello de Ministros.

A XUNTA E O MINISTERIO DE TRABALLO DESTINAN MÁIS DE MEDIO MILLÓN DE EUROS PARA PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN SOCIAL DE LOITA CONTRA A POBREZA

O Goberno galego, na súa xuntanza de hoxe, autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais co obxecto de realizar programas de intervención social integral para erradicar a pobreza e a exclusión.

A Xunta e o Ministerio financiarán, a partes iguais, estes proxectos, achegando cada Administración 258.478 euros. Estes programas de intervención, xestionados pola Vicepresidencia, desenvolveranse nas provincias de Ourense e Pontevedra.

A execución destes proxectos, encamiñados a facilitar a integración social dos máis desfavorecidos, artéllase a través de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais.

Plan de Acción Integral

Por outra parte, o Consello da Xunta de hoxe autorizou a sinatura dun protocolo adicional ao convenio de colaboración suscrito entre a Xunta e o Ministerio de Traballo para a realización de proxectos do Plan de Acción Integral para persoas con discapacidade, por un importe de máis de 827.000 euros.

Estes cartos destinaranse á integración de lesionados medulares, á atención de persoas con algunha discapacidade física de zonas rurais de Galicia, á mellora dos servizos dos centros de día e residencial da Coruña así como ao mantemento dun centro asistencial e doutro de día, ambos na provincia de Pontevedra.

Tamén se van investir case 54 millóns de euros para o desenvolvemento de prestacións básicas de servizos sociais por parte das corporacións locais. O Consello autorizou a sinatura esta mañá dun protocolo adicional suscrito tamén entre o Ministerio de Traballo e a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Deste xeito, as corporacións locais achegan 33 millóns de euros, a Vicepresidencia 13 e o Ministerio algo máis de 7 millóns e medio de euros.

APROBADO O ACORDO PARA A SUBA DAS RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DA ADMINISTRACIÓN GALEGA

- ***O acordo asinouse o pasado mes de outubro entre a Consellería de Presidencia e as organizacións sindicais galegas***
- ***22.000 traballadores funcionarios e laborais beneficiaranse da aprobación deste acordo con carácter plurianual de 2006 a 2009***
- ***A suba prevista para 2007 polo Estado central e o Goberno autonómico será dun 4,5% sobre a masa salarial***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo para a suba das retribucións do persoal funcionario e laboral da Administración galega que fose subscrito, o pasado 18 de outubro, pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e polas forzas sindicais galegas CC.OO., UGT, CIG e CSI-CSIF. O acordo, o primeiro destas características que se acada no ámbito da Administración pública galega dende a constitución da Comunidade Autónoma, recolle o compromiso de subscribir un novo convenio colectivo antes de finais de ano.

Trátase dun acordo sen precedentes co que se pretende avanzar no obxectivo da modernización do emprego público a través da valoración dos postos de traballo e da dignificación das traballadoras e traballadores públicos. Deste xeito, cumprírase cos fins de equidade, xustiza e servizo público que persegue a Administración pública galega ademais de acadar a eficiencia e a eficacia necesaria para ofrecer un servizo axeitado aos cidadáns.

Subas e beneficiarios

Os beneficiarios da suba de retribucións recollidas no documento serán o persoal funcionario e o laboral ao servizo da Administración pública galega, o que supón un total de 22.000 empregados públicos, é dicir, o colectivo fundamental para o funcionamento dos servizos da propia Administración, dos servizos que afectan os cidadáns e da propia estrutura da Xunta.

En canto ao proceso de suba de retribucións, o acordo de carácter plurianual de 2006 a 2009, recolle que se fará en dúas fases distintas. Na primeira, é necesario acometer unha suba lineal dos complementos específicos e dos complementos de funcións que permitan ser instrumento motivador do labor do persoal e que lles permita recuperar parte do poder adquisitivo perdido nos últimos anos, como consecuencia dos esforzos asumidos para lograr a estabilidade orzamentaria e a contención da inflación. Nunha segunda etapa, a suba aplicarase tan só sobre determinados postos de traballo, como xeito de recoñecer as súas especiais condicións.

Os complementos da primeira fase, específicos e de funcións, experimentarán unha suba en porcentaxe de masa salarial, tal e como se reflicte no seguinte cadro:

Ano 2006	1,05 %
----------	--------

Ano 2007	1,5%
Ano 2008	1,75%
Ano 2009	2%

A suba para o ano 2006 e 2007 será lineal para todo o persoal afectado por este acordo, polo que o aumento será idéntico para todos os empregados públicos con independencia das súas retribucións actuais. Deste xeito, en 2007 a suba prevista será dun 4,5%: un 1,5% segundo o establecido neste acordo, un 2% correspondente á variación do IPC prevista polo Estado e un 1% establecido polo Goberno central para acadar o cobro íntegro da cobramento extra en 2009 e que ata esa data terá carácter anual.

Nos anos 2008 e 2009, reservarase unha porcentaxe do 10% da suba prevista para eses anos para o incremento dos complementos só nalgúns postos de traballo (segunda fase). A determinación dos postos afectados e das contías que se aplicarán serán obxecto de negociación coa representación dos empregados e das empregadas públicas.

En cumprimento do disposto anteriormente, garántense para todo o persoal incluído no ámbito de aplicación do acordo os seguintes incrementos en cómputo anual:

Ano 2006	228,42 €/anuais
Ano 2007	345,89 €/anuais
Ano 2008	384,98 €/anuais
Ano 2009	466,38 €/anuais

Convenio colectivo

Coa fin de mellorar as condicións destes traballadores, este acordo recolle a vontade da Xunta e dos sindicatos de asinar antes de finais de ano un convenio colectivo para todo o persoal ao servizo da Xunta de Galicia. Este novo convenio deberá defender a mellora na organización, a cobertura de postos e a promoción e tamén outros aspectos como a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, e a loita contra a violencia de xénero.

Outras disposicións

Ademais no primeiro trimestre do ano 2007 constituirase unha comisión paritaria de seguimento deste acordo, que poderá designar comisións especializadas para a análise e negociación de, entre outros, os seguintes aspectos:

- Carreira administrativa e promoción dos empregados públicos
- Estrutura da función pública e dos seus corpos e escalas, para a adaptación da estrutura actual ás modernas necesidades de xestión pública



- Seguimento da temporalidade e propostas para a súa redución para acadar, antes do final do período de vixencia do acordo, unha porcentaxe non superior ao 8% do total dos empregados públicos afectados
- Xornada de traballo, vacacións, permisos e licenzas, de acordo cos principios de seguridade xurídica, conciliación da vida persoal, familiar e laboral e cobertura axeitada das necesidades do servizo público
- Funcións e perfís profesionais, aptitudes e calidades exixibles para os distintos postos de traballo na Administración galega

Por último, a Administración autonómica comprométese a realizar un proceso de funcionarización do persoal laboral que estea a desenvolver funcións reservadas a persoal funcionario segundo o previsto na normativa vixente.

A XUNTA COLABORA NA CONSTRUCCIÓN E EQUIPAMENTO DE CATRO COLEXIOS PARA MOZOS DE ESCASOS RECURSOS EN NICARAGUA

- ***A Dirección Xeral de Cooperación Exterior achegará 170.000 euros para financiar as actuacións, ao abeiro dun convenio de colaboración coa Asociación Fe y Alegría Nicaragua***

A Xunta de Galicia colaborará na construción e no equipamento de catro colexios para mozos de escasos recursos en Nicaragua. A través dun convenio de colaboración coa Asociación Fe y Alegría Nicaragua, a Dirección Xeral de Cooperación Exterior contribuirá ao financiamento das obras que se levarán a cabo en catro colexios desta organización nas localidades de Somotillo, Ciudad Sandino e Bello Amanecer (Nicaragua).

Trátase de crear a infraestrutura necesaria nos catro colexios para que nenos e mozos sen recursos teñan acceso a unha educación integral e que facilite a súa futura inserción laboral e social.

No marco desta actuación, para a cal o Goberno galego achegará 170.000 euros, construíranse e rehabilitaranse áreas educativas e produtivas do Instituto Básico Rural Agropecuario de Somotillo; construírase un pavillón de tres aulas e un muro de aseguramento para as instalacións do Colexio da Nosa Señora de Guadalupe, de Bello Amanecer, e crearáse o Laboratorio de informática do Colexio San Francisco Javier, de Ciudad Sandino.

Así mesmo, dotarase do equipamento necesario a aula-obradoiro de repostaría do Colexio San Ignacio de Loyola (Somotillo), das áreas educativas e produtivas do Instituto Básico Rural Agropecuario de Somotillo e o Laboratorio de Informática do Colexio San Francisco Javier (Ciudad Sandino).

A sinatura deste convenio, autorizada hoxe polo Consello da Xunta, enmárcase dentro das actuacións que, no exercicio das súas competencias en cooperación exterior, o Executivo galego está a desenvolver en países cun baixo índice de desenvolvemento humano.

Nicaragua ocupa o posto 118 no índice de desenvolvemento humano no informe sobre desenvolvemento humano publicado en 2002 para o Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD). Este índice defínese facendo unha media entre tres indicadores, a duración e salubridade da vida humana, a posibilidade de recibir educación e gozar dun nivel de vida decoroso.

32 centros para formación técnica e ocupacional de mozos

A Asociación Fe y Alegría Nicaragua, constituída en 1974, conta na actualidade con 32 centros educativos neste país latinoamericano. Estes centros de formación técnica e ocupacional para mozos de escasos recursos teñen como finalidade última consolidar un



modelo de educación popular integral que responda ás necesidades da comunidade e que contribúa a transformar o contorno social.

O GOBERNO GALEGO FORMARÁ MOZOS LATINOAMERICANOS E AFRICANOS EN COOPERACIÓN EXTERIOR E ECONOMÍA PESQUEIRA

- *Asinará dous convenios de colaboración coa Universidade de Santiago para a realización dos programas educativos*
- *Trátase de potenciar os recursos humanos deses pobos para favorecer o seu crecemento non dependente*

O Goberno galego contribuirá á formación de expertos en cooperación exterior e economía pesqueira, a través de dous programas que desenvolverá en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela.

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dos acordos que lles permitirán a oito mozos latinoamericanos e africanos formarse en Galicia como especialistas nestas dúas materias ao longo deste curso académico.

En total, a Administración autonómica achegará 67.165 euros, con cargo ás contas públicas de 2006 e 2007, para permitir que os oito alumnos beneficiarios cubran os gastos de desprazamento a Santiago de Compostela, de matrícula do curso de posgrado que realicen e o seu aloxamento en réxime de pensión completa ao longo dos nove meses de duración dos programas.

Un dos acordos que se asinarán coa USC establece que se realizará un programa de apoio á formación de expertos latinoamericanos en xestión da cooperación internacional para o desenvolvemento e das organizacións non gobernamentais, no marco do máster que dende hai oito anos está a desenvolver a Facultade de Ciencias Políticas. Trátase de apoiar a formación de titulados universitarios latinoamericanos en materia de cooperación internacional para que se incorporen no ámbito académico e ou profesional nos seus países de orixe. Este ano, tres alumnos beneficiaranse desta actuación de formación.

Paralelamente, outros cinco alumnos africanos e latinoamericanos participarán no Programa de apoio á formación de especialistas en economía pesqueira, dentro do curso de posgra de economía pesqueira da USC. Esta colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela artellarase a través dun convenio de colaboración que establece que o Goberno galego achegará un total de 40.000 euros para financiar os gastos de viaxe, matrícula, aloxamento, manutención e seguro dos estudantes.

Xerar desenvolvemento autosustentado

A Xunta de Galicia, a través das actuacións e programas levados a cabo pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior, propónse apoiar os países con menor grao de desenvolvemento e aqueles outros que conteñan amplas capas da súa sociedade en extrema situación de necesidade e de desestruturación para que acaden un desenvolvemento autosustentado, respectuoso co medio e a biodiversidade e mobilizador de recursos endóxenos.



Para iso, está a fomentar unha serie de actuacións encamiñadas a potenciar os recursos humanos e materiais deses pobos prestando unha especial atención ás novas tecnoloxías co gallo de reforzar a súa estrutura produtiva e favorecer o seu crecemento non dependente.



A XUNTA DE GALICIA PARTICIPA NA AMPLIACIÓN DO CAPITAL DA SOCIEDADE CIDADE TECNOLÓXICA DE VIGO

- ***A sociedade promove o proxecto de construción dun espazo tecnolóxico no campus de Vigo para impulsar e dinamizar a vinculación universidade-empresa***
- ***A Xunta considera que este proxecto como unha acción de carácter estratéxico enmarcada dentro dos obxectivos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o proxecto de acordo mediante o que se autoriza a participación da Xunta de Galicia na ampliación de capital social que está a promover a Sociedade Cidade Tecnolóxica de Vigo S.A. (CITEXVI) por un importe de 1.850.000 € e que se corresponde co 24,8% do seu capital.

Cidade Tecnolóxica de Vigo é unha entidade participada por *Caixanova*, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e a Universidade de Vigo que promove o proxecto para desenvolver a Cidade Tecnolóxica no campus de Vigo. Dito proxecto comprende a construción e explotación de diversos edificios dedicados a actividades de I+D+i, satisfacendo as necesidades físicas e de carácter tecnolóxico dos diversos equipos de investigación tanto de ámbito público coma privado.

A Xunta de Galicia considera este proxecto como unha prioridade para o desenvolvemento tecnolóxico de Galicia e como unha acción de carácter estratéxico enmarcada dentro dos obxectivos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica. Xunto con esta sociedade, a Xunta de Galicia pretende colaborar na conversión da cidade tecnolóxica nun marco de atracción para a dinamización dos centros tecnolóxicos, na incorporación de empresas con centros de I+D ao campus e no fomento da converxencia entre o mundo universitario e o empresarial, impulsando para iso a creación de centros mixtos universidade-empresa.



O ACONDICIONAMENTO DAS RÚAS LINARES RIVAS E SÁNCHEZ BREGUA NA CORUÑA CONTARÁ CUN INVESTIMENTO DE 858.000 EUROS DE POLÍTICA TERRITORIAL

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello da Coruña para acometer obras de mellora das beirarrúas das rúas Linares Rivas e Sánchez Bregua, na cidade herculina.

Política Territorial investirá un total de 858.000 euros no acondicionamento das citadas rúas. As obras consistirán na substitución do pavimento actual das beirarrúas por outro de enlousado de granito. Así mesmo, realizarase unha organización funcional da superficie e do arboreado existente, o que contribuirá a mellorar a calidade urbana no contorno das dúas rúas.

A CPTOPT encárgase de financiar e executar as obras, mentres que o Concello da Coruña deberá redactar o proxecto técnico, poñer a disposición da Consellería os terreos necesarios para levar a cabo as obras e tramitar os permisos, licenzas e autorizacións necesarias.

Unha vez realizadas as obras, o Concello asumirá a súa explotación e conservación.

O convenio autorizado hoxe enmárcase dentro das actuacións da Consellería de Política Territorial para, en colaboración coas entidades locais e comarcais, establecer un conxunto de equipamentos e dotacións sociais que contribúan a potenciar núcleos urbanos e a mellorar o medio urbano.

INNOVACIÓN E INDUSTRIA DESTINA 220.500 EUROS A ACCIÓNS DE FORMACIÓN EN XESTIÓN DA INNOVACIÓN DIRIXIDAS AO ÁMBITO EMPRESARIAL

- *Estas accións enmárcanse no Programa Aula de Innovación e inclúen conferencias, cursos e seminarios relacionados coa innovación para representantes do mundo empresarial*
- *O Clube Financeiro de Vigo, a Fundación Empresa-Universidade Galega e o Instituto Tecnolóxico de Galicia son os entes encargados de realizar as actividades*

O Consello da Xunta de Galicia vén de ratificar na súa xuntanza desta mañá un convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e tres entes de intermediación entre o contorno produtivo e o científico: o Clube Financeiro de Vigo (CFV), a Fundación Universidade Empresa (FEUGA) e o Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), para o desenvolvemento de actividades de formación no ámbito da innovación. Este convenio enmárcase no Programa Aula de Innovación, que coordina a Dirección Xeral de I+D+I da Consellería de Innovación e Industria.

A Consellería de Innovación e Industria destina 220.500 euros ao financiamento do cen por cento do custo das actividades. Pola súa banda, as tres entidades asinantes encargaranse da organización e difusión das actividades de formación en xestión da innovación dirixidas ao ámbito empresarial.

Formatos e contidos

O obxectivo do convenio é desenvolver un programa de conferencias, cursos e seminarios relacionados coa innovación e dirixidos ao mundo empresarial durante este ano 2006. As actividades poderán abranguer os campos da xestión da I+D+I, a xestión da innovación na empresa, habilidades directivas e xenéricas para xestores de innovación e temas de actualidade en innovación.

En concreto, o Clube Financeiro de Vigo desenvolveu as seguintes actividades, durante este ano, no marco deste convenio: xornada sobre financiamento de proxectos de I+D+I; estímulo da cultura e espírito científico nos mozos; a innovación a través da introdución da electrónica nos produtos; novas tendencias en innovación: biocombustibles; liderado e innovación empresarial; novas tendencias en innovación: biotecnoloxía e xenómica; a innovación nas PEMES: experiencias de éxito en Galicia e novas tendencias en innovación: a xestión de residuos industriais.

Pola súa banda, a Fundación Empresa-Universidade de Galicia desenvolveu as seguintes xornadas: seminario de intelixencia económica; obradoiro de intelixencia económica dirixido a técnicos de organismos de interface; xestión da tecnoloxía e a innovación na empresa; seminarios de conceptos básicos e tendencias en: enerxías renovables, tendencias ambientais no sector da madeira e tendencias ambientais no sector da



construción; contabilidade de custos e fiscalidade da I+D; claves actuais da innovación: moderación, ambición e eficacia e valoración económica da tecnoloxía.

Por último, o Instituto Tecnolóxico de Galicia levou a cabo os seguintes seminarios: Programa de dirección da innovación, que incluíu os seguintes ámbitos: cultura, incentivos e innovación; conceptos e definicións; innovación, competitividade e crecemento nas rexións e países; aspectos clave na innovación; a innovación como estratexia competitiva; identificación, definición e selección de proxectos de I+D+I e obradoiros de experiencias en dirección e xestión da I+D.

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS EN RECUPERAR ANTIGAS FORTALEZAS EN SALVATERRA E NA GUARDA

- *As intervencións prevén a creación nesta vila dun centro de interpretación da antiga arquitectura militar no Miño*
- *En Salvaterra de Salvaterra a Consellería rehabilitará o Castelo de Salvaterra*
- *A actuación forma parte dun programa europeo conxunto co Norte de Portugal para rehabilitar fortalezas militares nas beiras do Miño*

A Consellería de Cultura e Deporte recuperará o castelo de Salvaterra e creará un centro de interpretación das fortalezas militares do Miño no castelo de Santa Cruz, na Guarda. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de cadanseu convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e os concellos pontevedreses de Salvaterra de Miño e A Guarda. Para isto o departamento investirá máis dun millón de euros (1.008.000 euros) no que resta de ano e en 2007.

As actuacións da Consellería, que hoxe recibiron o visto bo do Consello da Xunta, suporán un investimento a partes iguais de 504.000 euros en Salvaterra e na Guarda, que completarán as actuacións que xa se están a facer. Ademais de recuperar este patrimonio histórico e cultural, potenciarase un recurso de gran valor para o desenvolvemento turístico e cultural de toda a rexión.

A finais de 2007 o castelo de Santa Cruz será o centro de interpretación e de inicio de percorridos das fortalezas militares que se construíron durante o século XVII nas beiras portuguesa e galega do Miño. As obras consistirán na adecuación do interior do edificio para acoller o centro de interpretación. Por outra banda, mellorarase as zonas exteriores mediante a consolidación dos noiros de terra e a creación de zonas axardinadas.

No castelo de Salvaterra Cultura recuperará o tramo central da muralla norte e consolidará o baluarte do pozo, onde tamén realizará unha sondaxe arqueolóxica en previsión de que poidan aparecer restos de interese. O proxecto tamén inclúe a reconstrución da muralla entre os baluarte do pozo e do muíño.

Programa europeo transfronteirizo

Na actualidade estanse realizando obras de recuperación en seis fortalezas: xunto ás da Guarda e Salvaterra figuran San Lourenzo e Nosa Señora da Concepción de Goián; Torre de Fornelos en Crecente e o Forte dos Medos, en Tomiño. De xeito que, en total, serán seis as fortalezas que, ao cabo do programa, estarán rehabilitadas para garantir a súa conservación e o seu coñecemento.

O Castelo de Santa Cruz na Guarda será onde se situarán os recursos didácticos para facilitar a comprensión deste tecido militar e as súas repercusións no espazo xeográfico e na historia. De alí tamén partirán os roteiros turístico-culturais que estarán sinalizados e en funcionamento en 2008.



A actuación da Consellería de Cultura forma parte do programa FORTTRANS para recuperar as fortalezas militares. Trátase dun programa xestionado conxuntamente entre, por unha banda, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e, pola outra, a Cámara Intermunicipal do Vale do Minho, a Cámara Municipal de Valença e a Cámara Municipal de Monção. O proxecto está financiado nun 75% con fondos europeos do Interreg III e, para futuras actuacións nos anos 2006 e 2007, contará con 1.350.000 euros en intervencións no territorio galego.

SANIDADE INVISTE MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS PARA DESENVOLVER ENTRE OS MÉDICOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE UN PLAN DE FORMACIÓN PARA A CALIDADE NA PRESCRICIÓN DE MEDICAMENTOS

- ***O devandito plan será executado pola Escola Galega de Administración Sanitaria, seguindo as directrices feitas polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde***
- ***Trátase de ofrecer aos facultativos prescriptores formación, información, bases documentais e recursos orientados á toma de decisións clínicas á fin de lograr un uso racional do medicamento***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe unha cláusula adicional ao convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Escola Galega de Administración Sanitaria (Fegas) para desenvolver un Plan de formación para a calidade na prescrición dos medicamentos. Este plan suporá un investimento de 1.055.160 euros.

Con esta partida orzamentaria, o departamento de María José Rubio Vidal vai proceder a desenvolver, a través da Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria, o dito plan, que estará dirixido ao persoal médico do Servizo Galego de Saúde. A Escola realizará, tamén, a difusión das actividades e centralizará a solicitude de inscrición.

Este plan de formación para a calidade na prescrición de medicamentos é consecuencia das directrices feitas polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde ás respectivas comunidades autónomas, sendo estas as responsables, no seu territorio, do seu deseño, implementación e avaliación.

O plan inclúe catro grandes áreas: actividades de formación, apoio á calidade da prescrición, información sobre calidade de prescrición, e, por último, apoio informático. Trátase de ofrecerlles aos facultativos prescriptores formación, información, bases documentais e recursos orientados á toma de decisións clínicas, especificamente en prescrición, e co fin de lograr un uso racional do medicamento.

PESCA INVESTIRÁ MÁIS DE 200.000 EUROS NO ESTUDO DE VIABILIDADE DO CULTIVO DA OSTRA RIZADA NAS RÍAS GALEGAS

- ***O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e o Centro Tecnolóxico do Mar (Cetmar) para afondar na investigación desta variedade ostrícola***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Fundación Cetmar co obxecto de estudar a viabilidade do cultivo nas rías galegas da ostra rizada ou ostión, denominada científicamente *Crassostrea gigas*. Trátase dun proxecto de investigación que ambas as dúas entidades consideran necesario como paso previo a unha autorización para o cultivo desta especie con finalidade comercial. A realización desta iniciativa contará coa achega de 205.357 euros por parte do departamento de Pesca e estará vixente ata decembro de 2009.

Os obxectivos específicos que persegue esta actuación son a avaliación do éxito reprodutivo da especie en augas galegas e o estudo comparativo entre ostras salvaxes e ostras de cultivo en canto a posibles patoloxías que afecten as dúas variedades. Ademais, preténdese analizar a viabilidade do establecemento dun cultivo integral de ostra rizada no intermareal da ría do Barqueiro e a súa posible implementación no ámbito da confraría de pescadores.

Pesca e Cetmar, que teñen fins e intereses comúns no que respecta a acadar un mellor coñecemento dos recursos mariños, así como unha explotación económica racional e eficaz que sexa compatible coa conservación e aproveitamento do medio mariño, queren formalizar a súa colaboración por medio deste convenio. A execución das diferentes tarefas que compoñen o obxecto deste documento realizaranse en réxime de colaboración entre os técnicos designados por ambas as dúas institucións, que deberán achegar os medios materiais ou inmateriais de que dispoñan, axeitados para o seu cumprimento. O seu seguemento e interpretacións realizaranse igualmente de común acordo, a través da comisión que se constitúa para o efecto.

Continúa o estudo

A Consellería de Pesca constatou que o cultivo da ostra plana nas rías galegas, especie de alto interese comercial e de gran tradición nos mercados da nosa comunidade, está a ter nos últimos tempos obxecto de serias dificultades debido a problemas patolóxicos e ambientais que limitan o seu engorde, e por causa da escaseza de semente que motiva unha gran dependencia da importación. Esta circunstancia viuse agravada nos últimos anos polas baixas cifras de produción de semente acadadas nos principais países subministradores.

Froito dun convenio anterior entre Pesca e Cetmar xa se puido comprobar que o crecemento da *Crassostrea gigas* en augas galegas é moi elevado, a mortandade baixa e a súa calidade moi boa. Así mesmo, puidose saber que non se detectou recrutamento da



especie nas Rías Baixas aínda que si se observou a existencia de ostras rizadas salvaxes nas rías de Ribadeo e o Barqueiro, o que pode permitir agora, coa continuación deste estudo, experiencias de cultivo nestas augas.



MEDIO AMBIENTE DESTINARÁ 574.625 EUROS ÁS OBRAS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NO ENXO E SAN SALVADOR, NO CONCELLO DE BRIÓN (A CORUÑA)

- *O proxecto terá un custo total de 638.472 euros, dos cales a consellería asumirá o 90%, mentres que o Concello achegará o 10% restante*
- *As obras teñen un prazo de execución de catro meses*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destinará 574.625 euros ao Plan de saneamento do Enxo e San Salvador, no municipio de Brión, que se executará mediante un convenio de colaboración asinado co Concello coruñés e que hoxe foi aprobado polo Consello da Xunta.

O custo total do proxecto, cofinanciado pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh) da Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Brión, ascende a 638.472 euros, dos cales o 90% correrá por conta da administración autonómica e o 10% da local.

A achega económica da Consellería de Medio Ambiente financiarase en dúas anualidades, correspóndelle 63.847 euros á de 2006, e 510.778 euros con cargo nos orzamentos do 2007, mentres que o Concello de Brión achegará 63.847 euros nunha única anualidade.

Rede de saneamento e abastecemento

As obras previstas nas localidades do Enxo e Brans de Abaixo consistirán na instalación dunha rede de abastecemento de 270 metros de tubo, e unha rede de saneamento que incluíra unha rede de pluviais que disporá de tres ramais independentes e unha canalización soterrada de 2.220 metros de PVC, tendo en conta as previsións de crecemento de poboación ata 200 habitantes.

En San Salvador acometeranse as obras de rede de abastecemento coa instalación de tubos de 3.238 metros, mentres que a rede de saneamento unirase o ramal principal e circulará por gravidade ata Gándara, onde se construíra un pozo de bombeo.

A rede de pluviais disporá de tres ramais independentes e correspondentes aos núcleos de San Salvador, Gándara e Cirro, cunha lonxitude de canalización de 5.087 metros, tendo en conta que a previsión de novas vivendas é de 250 habitantes.

MEDIO AMBIENTE EXECUTARÁ O ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE CABREIROÁ, NO CONCELLO DE VERÍN (OURENSE)

- ***A Xunta financiará o 100% do custo das obras, que ascende a 294.877 euros, e que contan cun prazo de execución de cinco meses***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destinará 294.877 euros ás obras de abastecemento, conservación e recuperación da bacía hidrográfica do Val do Támega e o abastecemento e saneamento de Cabreiroá, no concello ourensán de Verín. Así se recolle no convenio de colaboración aprobado no Consello da Xunta que tivo lugar hoxe.

O prazo de execución da obra é de cinco meses e o seu custo financiarase en dúas anualidades, cunha achega de 41.193 euros en 2006 e de 253.683 euros no 2007, con cargo os orzamentos da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos.

As obras comprenden a renovación integral da rede principal de abastecemento de auga potable do núcleo de Cabreiroá, que está moi deteriorada debido a súa antigüidade, incluíndo a reposición dos ramais de saneamento que discorren pola mesma traza que o abastecemento.

Así mesmo, aproveitaranse os traballos que hai que realizar na zona da praza da vila para recuperar unha antiga fonte e dotala de mobiliario urbano, co fin de crear un espazo de lecer na vila.

GALICIA CONTARÁ CUN PLAN TERRITORIAL DE CONTINXENCIAS POR CONTAMINACIÓN MARIÑA

- ***O documento establece o protocolo que ten que seguir o Goberno da Xunta ante un accidente por contaminación mariña, tanto para os efectos de disposición de medios (humanos e técnicos) como de coordinación entre os distintos departamentos da Comunidade Autónoma e a súa vez co Estado***
- ***O Plan será sometido a revisión cada dous anos e poderá modificarse en función dos avances tecnolóxicos que se produzan na loita contra a contaminación ou de cambios legislativos que obriguen a súa modificación***
- ***Incluirá un centro de coordinación operativa no que participarán as consellerías de Pesca, Medio Ambiente e Política Territorial***
- ***Crearase un grupo operativo de Protección Civil, un de resposta en terra e outro de resposta en mar***

O Consello da Xunta estudou hoxe un informe no que se recolle o Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña de Galicia, que establece as pautas de actuación que debe seguir o Goberno galego para facer fronte a situacións de loita contra a contaminación. A elaboración deste plan responde a un mandato legal do Executivo central que establece que todas as comunidades autónomas deben dotarse deste instrumento.

O Plan Territorial presentado hoxe determina os medios humanos e materiais que serían necesarios ante un accidente por contaminación mariña para dar a resposta máis axeitada tendo en conta as particularidades das costas galegas. Ademais, establece os protocolos de actuación que deberán seguir os distintos departamentos da Xunta que teñen responsabilidades directas nos traballos de loita contra a contaminación, sendo a Consellería de Presidencia a encargada de liderar as actuacións ao ter as competencias en materia de emerxencias.

Centro de Coordinación Operativa

Coa elaboración deste documento créase o CECOP, o Centro de Coordinación Operativa e órgano de dirección do plan, que funcionará baixo o mandato do conselleiro de Presidencia. No desempeño das súas funcións, o presidente do CECOP contará coa colaboración do Consello Asesor, integrado polos máximos responsables de Pesca, Medio Ambiente e Política Territorial. A maiores, no caso de que fose necesario uniríanse ao Centro de Coordinación os titulares de Innovación e Industria, Sanidade e Economía.

O Consello Asesor estará en permanente contacto coa Unidade de Apoio Técnico, que estará formada polas direccións xerais implicadas directamente na xestión da emerxencia así como por un equipo de científicos encargados de propoñer as estratexias máis axeitadas para combater a contaminación.

Por outra banda, crearase un Grupo Operativo de Protección Civil, dependente da Consellería de Presidencia; un Grupo Operativo de Resposta en Terra, liderado por



membros da Consellería de Medio Ambiente; e un Grupo Operativo de Resposta en Mar, dirixido pola Consellería de Pesca. A Unidade de Apoio Loxístico correrá a cargo de Política Territorial. Ademais, o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar) e Meteogalicia estarán integrados no Plan Territorial como centros oficiais dependentes da Xunta de Galicia.

Activación do Plan

Segundo establece o Plan Territorial, o protocolo que seguirá ante un aviso de posible contaminación mariña constará dos seguintes pasos:

- Confirmación dos feitos.
- Avaliación da situación.
- Convocatoria do CECOP.
- Activación do plan nos seus diferentes niveis de emerxencia.
- Desactivación do plan.

Finalmente, o documento presentado hoxe establece un Programa de adestramentos e simulacros que terán como obxectivo mellorar a eficacia de resposta ante unha emerxencia. Nesta liña, o Plan territorial será sometido a revisión cada dous anos contados a partir da súa data de aprobación. O devandito plan poderá sufrir modificacións por proposta de calquera das consellerías implicadas ou como consecuencia dos avances tecnolóxicos que se produzan na loita conta a contaminación ou de cambios legislativos que obriguen á modificación do mesmo.